

¡Non falés o gallego!

Vindo de Cataluña
onde falar o catalán é gala
y-é máis agasallado quen o fala,
arriveivos a Cruña
dicindo escontra mín: "Xa qu'acó chego,
empregarei a lingoa da terriña;
pois falando o gallego
atenderánme máis axiña
e serei estimado com'un crego".

Disposto a practicar de boa gana
a enxebre teoría catalana,
estrenei o galaico linguaxe
con unha moza linda, fresca, boa,
de xalleiro linaxe,
a quen me dirixín, en son de loa,
con un piropo que aprendín en Laxe,
mais ela, contestou con este aldraxe:
-"¡Ay, que peifoco! ¡Vaya a comer broa!"

Dimpois, fun a mercar unha chalina,
e o tendeiro sacóum'unha marela,
dicíndome:-"¡Eiquí ten! ¡Mire qué fina!"
Mais eu, humilde, respondinlle o vela:
-"Esa elle boa pra poñer na China".

Entón él, a oriflama en alto posta,
berróu, botando lume:-"¿Non lle gusta?
quén tal dí debe andar a catro patas.
Vosté, peisano, entenderá de bosta;
pro maldito si entende de corbatas!"

E co-estes igoales malos modos
fun recibido en total-as visitas;
e aldraxáronme todos;
e tomáronm'o pelo as señoritas.

-"¡Non entendo este lero!"-
escramei con vos triste e dolorosa;
pro descifróum'a clave do misterio
unha rapaza cursi e fantasiosa.

-"¿Ese señor quén é?" –certo suxeto
perguntóull'a modiño a aquela arpía-;
mais eu, qu'estaba preto,
escoitei qu'a muller lle respondía:

"-¿Señor? ¡Ay, quién lle dera!
véstelle de señor, pro é un peisano;
un beirolo da aldea. ¡Meu galano!
¡¡Si non sabe siquera
falar unha palabra en castellano!!"